



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Con data do 25.02.2009, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, aprobou o expediente de contratación da obra de “Actuacións na rede de saneamento na parroquia de O Hío”. Exponse ao público tanto o proxecto como o Prego de Cláusulas administrativas, polo prazo de catro días, contados a partir da publicación deste anuncio, aos efectos de achegar reclamacións, anunciándose ao mesmo tempo a licitación acordada, que se aprazará no suposto de que se formulen alegacións:

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello de Cangas
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2.- OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipo de contrato: Obra
- b) Descrición do obxecto: Actuacións na rede de saneamento na parroquia de O Hío
- c) Lugar de execución: Cangas.
- d) Prazo de execución: 3 meses

3.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: aberto

4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Importe total: 332.337,49 euros IVE (incluído)

5.- GARANTÍAS:

- a) Provisional: non se esixe
- b) Definitiva: 5% prezo de adxudicación

6.- OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- Documentación: Copistería Artiplán, Avda. Méndez Núñez, entrechán, 36940 - Cangas. Teléfono: 986.303.266
- Información: Concello de Cangas, Secretaría Xeral, Paseo de Castelao, 36940 – Cangas. Teléfono: 986.300.050, Fax: 986.304.850 (Perfil do contratante: www.cangas.org)
- Data límite de obtención de documentación e información: ata a data de remate do prazo para achegar proposicións.

7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- Prazo: 13 días naturais contados desde o seguinte ao da última publicación do anuncio no BOP ou no DOG.
- Documentación a presentar: a sinalada no artigo 13 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares
- Lugar: no Rexistro Xeral do Concello de Cangas

8.- APERTURA DE OFERTAS

O terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12,00 horas na sala de reunións da Alcaldía (de coincidir en sábado trasladarase ao primeiro día hábil seguinte).

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os indicados no artigo 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares.

10.- GASTOS DO ANUNCIO

A cargo do adxudicatario.

11.- OUTRAS INFORMACIÓNS

Este contrato finánciase ao abeiro do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local.

Cangas, 2 de marzo de 2009

A ALCALDESA

Asdo.: Clara Millán González